



## **COMUNICADO DO STEG E DA ASEMBLEA DE MULLERES AO RESPECTO DE HAZTEOIR.ORG: “Contra a discriminación, a intolerancia e o fanatismo”**

Nos últimos días, moitos centros públicos galegos contactaron co STEG facéndose eco duns feitos dos que tamén informaron numerosos medios de prensa, tanto no país como a nivel estatal. [HazteOir.org](http://HazteOir.org), o lobby ultracatólico de extrema dereita, vén de lles remitir, por envío postal e por correo electrónico, unha campaña de "PIN parental contra a ideoloxía de xénero". A iniciativa inscríbese na súa campaña #Mishijos#Midecision. Consta dun impreso, dun boletín informativo e dun libro titulado "Dejad a los niños en paz. Una respuesta ciudadana al adoctrinamiento de género."

Dende o STEG xulgamos moi graves estes feitos, que o que difunden é unha mensaxe de humillación e intolerancia inaceptábel e indigna nunha sociedade democrática. Coñecemos abondo estas actitudes e esta ideoloxía. Son as que historicamente incitaron as mulleres para aceptar sumisamente a súa subordinación, económica e física, ao home e que aínda hoxe condenan a súa aspiración á igualdade e á non violencia como “ideoloxía de xénero”. Son as mesmas que ampararon leis que condenaban a homosexualidade como unha desviación moral puníbel penalmente. Tamén se opuxeron ferozmente a calquera lei que ampliase dereitos e liberdades, quer o divorcio, o aborto ou o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. É especialmente grave, ademais, que conte con certo beneplácito de organizacións políticas que se din democráticas. Por iso, e porque son ideas despreziábeis, que atentan contra o dereito á igualdade e á non discriminación e que comportan sufrimento para as persoas, menores incluídos, deben ser respondidas, combatidas pola Consellería, tomando incluso as accións legais que se xulguen oportunas. Malia isto, a mellor resposta que podería recibir este grupo de fanáticos retrógrados é o total rexeitamento social, político e administrativo para que cuestións desta natureza desaparezan do espazo público. O STEG entende que a escola pública -e calquera outra escola- debe obedecer sempre aos principios de xustiza social, igualdade de oportunidades, inclusión e á cultura de paz. Por iso instamos o profesorado dos centros educativos a que informen e poñan en coñecemento da Administración calquera iniciativa deste tipo da que tivese coñecemento ou que se repita no futuro.

## **COMISIÓN PERMANENTE DO SECRETARIADO NACIONAL E ASEMBLEA DE MULLERES DO STEG**

**1 DE OUTUBRO**